

Castiñeiro (*Castanea sativa*) sen follas en inverno



Acivro (*Ilex aquifolium*)



Capela en Conso

## Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

- Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.
- Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.
- Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.
- Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.
- **PR-G 118** Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.


**CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO**
**Praza do Concello s/n**
**32557 - Vilariño de Conso**
**(Ourense)**


**Esta apracible ruta discorre por camiños e sendas ao carón do Encoro do Bao, no concello ourensán de Vilariño de Conso, entre unha natureza antigamente humanizada que hoxe, ao diminuír o uso tradicional do monte e dos campos, recupera un estadio pretérito e mantén recunchos e comunidades naturais de grande interese.**

**A altitude e orografía destas terras agachan animais e plantas en cantidade e variedade. Porque o especial clima deste concello dótao dunha biodiversidade en especies propias da montaña galega. Así poderemos ver, entre outras árbores ademais dos castiñeiros nos soutos, os cerquiños, carballos, bidueiros, ameneiros, acivros e tamén abeleiras.**

**Un camiño de carro lévanos dende Vilariño ata Conso, onde podemos seguir a ruta ou volver por a Veiguiña. Ascendendo ata San Cristovo veremos magníficos castiñeiros e dende o traxecto de Conso ao Palacio atopamos un desvío que segue pola beira do encoro do Bao, cruzando unha ponte no lugar da Auga Lavada.**

**Debido á súa altitude, no inverno podemos atopar facilmente este percorrido nevado, mostrando incribles paisaxes dignas de fotografar.**


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**Proxecto subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ao abeiro das axudas de apoio e accións na Rede Natura 2000 e cofinanciado polo Concello de Vilariño de Conso.**


**PR-G 118**
**Ruta dos Soutos**
**Vilariño de Conso**
*Ruta homologada no ano 2009*


*Deseño: SEGATUR S.L. - Telf. 886 11 70 11 - www.segatur.com*


# PR-G 118

GALICIA

Concello de Vilariño de Conso

# Ruta dos Soutos





Ruta sinalizada

1 mapa do percorrido escala 1:12.500








## MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada practicante unha mellor elección. De calquera forma, o usuario debe saber que a Natureza é máis complexa que o que pode valorar o MIDE. Os valores van de 1 a 5 puntos.

| | | |
|---|---|---|
| **Medio.** Severidade do medio natural | 1 O medio non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco | |
| **Itinerario.** Dificultade de orientarse no itinerario | 1 Camiños e cruces ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza<br>5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear | |
| **Desprazamento.** Dificultade no desprazamento | 1 Marcha por superficie lisa<br>2 Marcha por camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas con chanzos ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión | |
| **Esforzo.** Cantidade de esforzo necesario | 1 Ata unha hora de marcha<br>2 De 1 ata 3 horas de marcha<br>3 De 3 ata 6 horas de marcha<br>4 De 6 ata 10 horas de marcha<br>5 Máis de 10 horas de marcha | Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado. |

Mais información: www.euromide.info

## Lenda

Inicios da ruta PR-G 118 Ruta dos Soutos de Vilariño de Conso

Ruta sendeirista

Ríos e regatos

| MIDE | | PR-G 118 Ruta dos Soutos Concello de Vilariño de Conso | |
|---|---|---|---|
| horario | 2h 45min + 1h variante | 1 | severidade do medio natural |
| desnivel de subida | 390 m | 2 | orientación no itinerario |
| desnivel de baixada | 380 m | 2 | dificultade no desprazamento |
| distancia horizontal | 11'5 km | 2 | cantidade de esforzo necesario |
| tipo de percorrido | circular | PR-G 118<br>Distancia da ruta principal: 7'9 km<br>Lonxitude da variante: 3'6 km<br>Mapas IGN 1:25.000: 228-III | |
| A ruta non está exenta de riscos: atención cos nenos. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas. | | | |

## Datos de interese

**Concello de Vilariño de Conso:** 988 34 03 02
**Emerxencias:** 112

*Precaución: No inverno pode ser complicado realizar a ruta cando chove ou neva. A ruta é recomendable só con bo tempo. Os nenos deben ser vixiados sempre polos seus titores.*

**Lonxitude:** 7'9 km na ruta circular.
3'6 km na variante do encoro.

**Duración estimada:** 2 horas e 45 min. ruta circular.
1 hora na variante do encoro.

*Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS na páxina web www.segatur.com*